



C O N C E L L O
DE
M O R A Ñ A

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42
Internet: www.morana.org
E-mail: concello@morana.org
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA
36660 MORAÑA (Pontevedra)

B A N D O

DONA M^a LUISA PIÑEIRO ARCOS, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MORAÑA.

FAI SABER:

Que a Consellería de Traballo e Benestar, ten aberto o prazo de inscrición para participar nos **CAMPAMENTOS DE VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADES 2012**. Co obxecto de procurar a integración social de rapaces/as con discapacidade mediante a súa participación nos campamentos de verán e campos de traballo a través de quendas de integración, así como a súa participación en quendas específicas.

REQUISITOS:

- Ter unha idade comprendida entre os 9 e os 40 anos.
- Vivir habitualmente no seu domicilio.
- Posuír unha discapacidade acreditada igual ou superior ao 33%.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o traxecurso da actividade.
- Presentar unhas capacidades que sexan compatibles coas actividades que se van desenvolver e coas características da instalación.

As solicitudes, deberán ir acompañadas da seguinte **documentación**:

- Fotocopia da cartilla de Asistencia Sanitaria.
- Unha fotografía tamaño carné.

O **PREZO** para participar neste programa de vacacións será de **72 €** ata **201,60€**, dependendo do tipo de queda de integración e **124€** para as quendas específicas.

- PRAZO DE SOLICITUDES:

- * Ata o día **31 DE MAIO DE 2012 PARA PRAZAS DE INTEGRACIÓN.**
- * Ata o día **14 de XUÑO DE 2012 PARA PRAZAS ESPECÍFICAS.**

Para mais información poden dirixirse ó Servizo Social Comunitario do Concello, os días de atención ó público, luns, martes e xoves de 9 a 13 horas.
O que se fai público para xeral coñecemento.

Moraña, 15 de maio de 2012.
A ALCALDESA

Asdo. M^a LUISA PIÑEIRO ARCOS.